



## **ORDENANZA Nº 11**

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS RELATIVAS AO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO**

**—2020—**



## ARTIGO 1.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúen o feito impoñible destas taxas os seguintes actos:

- a. Concesión e expedición de licencias.
- b. Autorización para transmisión de licenzas nos supostos establecidos no artigo 11 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na Cidade de Vigo
- c. Revisión de vehículos.
- d. Pola solicitude de exame para a obtención do permiso municipal de conducir.
- e. Pola expedición do permiso municipal de conducir.
- f. Pola expedición de duplicados de licencias, permisos e tarifas.

## ARTIGO 2.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos obrigados ó pago destas taxas as persoas físicas e xurídicas seguintes:

- a. Na concesión e expedición de licencias, o titular que resultase da mesma.
- b. Na transmisión de licencia, aquel a quen se lle transmita.
- c. Na realización de revisión, o titular da licencia.
- d. Na solicitude de exame, o solicitante.
- e. Na expedición de permiso, licencia e duplicados, o titular dos mesmos.

## ARTIGO 3.- RESPONSABLES

En materia de responsabilidade será de aplicación o disposto na Ordenanza Fiscal Xeral.

## ARTIGO 4.- COTAS

As cotas a satisfacer polos conceptos gravados nesta ordenanza serán as seguintes:

1. Concesión e expedición de licenzas	12.020,24€
2. Autorización de transmisión de licenzas	3.005,06 €

Se a concesión e expedición de licenzas é a favor de condutores asalariados aplicarase unha redución do 20% da tarifa sinalada no epígrafe 4.1.

No suposto de transmisión mortis-causa a favor dos herdeiros lexítimos ou dunha comunidade de herdeiros (artigo 11 da ordenanza reguladora do servizo), aplicarase unha tarifa igual ao 10% da sinalada no epígrafe 4.2.

Se o Concello autoriza a transmisión a favor de condutores asalariados polos motivos e nos casos sinalados nos apartados b) e c) do artigo 11 da ordenanza reguladora do servizo, aplicarase unha tarifa igual ao 20% da sinalada no epígrafe 4.2.

3. Revisión de vehículo	31,95 €
4. Por dereitos de exame para a obtención do permiso municipal de conducir, por cada exame.	9,15 €
5. Por expedición e renovación de permiso municipal de conducir.	18,25 €



6. Por expedición de duplicados de permisos, licencias, tarifas, etc.,  
por cada un 4,55 €

### ARTIGO 5.- DEVINDICACION.

A obriga de contribuír nace no momento da:

- a. Concesión e expedición de licenzas para os vehículos de taxi.
- b. Autorización de transmisión das licencias nos supostos do artigo 8 da citada ordenanza.
- c. Solicitud de revisión de vehículos.
- d. Solicitud de exame para a obtención do permiso municipal de conducir.
- e. Solicitud de expedición de permisos e duplicados de permisos e licencia municipal.

### ARTIGO 6.- INGRESO

1. Os suxeitos pasivos ingresarán as taxas devengadas no prazo de 30 días hábiles dende o recibo da notificación da liquidación no caso b) do artigo anterior
2. Nos restantes casos, a) c) d) e), do mesmo artigo, ingresarán as cotas no momento de solicita-los correspondentes servizos, practicando a autoliquidación en impreso regulamentario.

### ARTIGO 7.- INFRACCIÓN E SANCIÓNS

No relativo a infraccións tributarias e as súas distintas cualificacións e sancións, estarase ó disposto na ordenanza fiscal Xeral do Concello e restante normativa xeral de aplicación.

### DISPOSICIÓN FINAIS

1. No non previsto nesta Ordenanza fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, a Lei 58/2003 Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.
2. Esta ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018 permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

PUBLICACIÓNS B.O.P.: 30 DE DECEMBRO DE 1991  
27 DE DECEMBRO DE 1995  
30 DE DECEMBRO DE 1999  
27 DE DECEMBRO DE 2000  
30 DE NOVIEMBRE DE 2001  
26 DE DECEMBRO DE 2002  
30 DE DECEMBRO DE 2003  
29 DE NOVIEMBRE DE 2004  
7 DE DECEMBRO DE 2005  
30 DE DECEMBRO DE 2006  
10 DE DECEMBRO DE 2007  
10 DE DECEMBRO DE 2008  
14 DE DECEMBRO DE 2010



22 DE NOVIEMBRE DE 2011  
21 DE DICIEMBRE DE 2012  
12 DE DICIEMBRE DE 2016  
7 DE DICIEMBRE DE 2017